

A Consellería de Educación e TVE-Galicia colaboran na realización do programa “Galicia de escola a escola”

O xoves 27, ó redor das dúas da tarde, emitirase por TVE en Galicia o programa número cero de «Galicia de escola a escola», proxecto que se pon en marcha gracias a colaboración da Consellería de Educación e mallo centro territorial de TVE en Galicia, que se propoñen con este programa achega -lo mundo da televisión ós nenos, facilitandolle- la oportunidade de realizar, eles mesmos, o seu propio programa de televisión.

O conselleiro de Educación, Aniceto Núñez, e o director de TVE en Galicia, José María Villot, presentaron este mediodía o programa «Galicia de escola a escola», que se emitirá entre os meses de novembro e malo con carácter semanal, de vinte minutos de duración e que será técnicamente elaborado por TVE Galicia seguindo o guión remitido polo centro participante. Os diversos espacios que integren cada programa serán presentados polos propios nenos que coordinarán, tamén, as posibles entrevistas, actuacións musicais, representacións, reportaxes, etcétera, que inclúan no seu guión.

Ata agora presentáronse un total de 37 solicitudes, das que dez corresponden a colexios da provincia da Coruña, quince á de Pontevedra, sete á de Lugo e cinco á de Ourense. De feito, o prazo para a presentación de guións amplíase ata o vindeiro día 31 deste mes.

O remates da emisión dos perro de 22 programas levarase a cabo unha selección dos mellores ós que se lles concederan diversos premios como unha viaxe a Madrid para os primeiros clasificados, unha viaxe pola Comunidade Autónoma galega para os segundo e videos para os centros que se clasifiquen en terceiro, cuarto e quinto lugar. Ademais realizarase un concurso mensual no que os nenos galegos deberán identificar imaxes que se proxecten no programa.

A colaboración entre a Consellería de Educación e o centro territorial de TVE en Galicia poderla continuar no próximo curso xa que co programa preténdese acadar un mapa visual e sonoro dos barrios, vilas, pobos e cidades de Galicia a través dos nenos. Así, gracias a imaxe e a palabra, percorrerase toda Galicia.

Martes, 25 de outubro de 1988